## Aspectos de Semántica.

### Exercicios autoavaliables (2) .

1.- Define, sen axudarte do dicionario e seguindo as indicacións dadas no apartado (1.3) do tema, as seguintes palabras:

a) Baixamar.
b) Cociñar.
c) Hispanista.
d) Até.
e) Fiestra.
f) Emigrar.

2.- Procura os resultados patrimoniais dos seguintes étimos, axudándote das leis fonéticas de evolución:

a) DONATU >
b) CALAVARIA >
c) MATTIANA >
d) VACARE >
e) DELICATA >
f) LOCO >
g) ALTERU >
h) LAETU >
i) PLUMBU >
l) BULLIRE >
m) CAELU >
n) PILIARE >

3.- Dá o cultismo correspondente a cada definición:

a) Cría de abellas co fin de aproveitar os seus produtos:
b) Que ten o coñecemento absoluto de todas as cousas:
c) Crime que comete quen mata un irmán ou unha irmá:
d) Persoa que se ocupa do cultivo das vides:
e) Profesional que se ocupa do coidado dos pés:
f) Que nunca foi oído:
g) Que non se pode coñecer:
h) Que non resultou ferido, que non sufriu ningunha lesión:
i) Que non comporta derramamento de sangue:
l) Que carece de vida:

4.- Enche os ocos empregando grupos consonánticos cultos (CL, BL, GL, PL, FL) ou semicultos (CR, BR, GR, PR, FR).

a) Com.....áceme dicirche que che é moi posible que che concedan a .....aza que solicitaras.
b) Do.....ou o papel .....anco en catro partes.
c) Antes de que se cum.....a o tempo para concluír a .....ase, estudaremos polo miúdo as re.....as de acentuación.
d) A simboloxía do .....asón da fachada do pazo dá conta das excelentes relacións que hab naquela época entre a I.....exa e os no.....es.
e) Os alumnos querían o.....igarme a a.....azar o exame para poder ir á .....aia a desfrutar d enorme .....acer deste excelente clima tropical.

5.- Escolle a forma correcta de cada parella de palabras.

a) Ordear / ordenar
b) Perdoar / perdonar
c) Persoaxe / personaxe
d) Zoa / zona
e) Terreo / terreno
f) Escea / escena
g) Condutor / conductor
h) Oleoduto / oleoducto
i) Dicionario / diccionario
l) Descritivo / descriptivo
m) Siquiátrico / psiquiátrico
o) Sicoloxía / psicoloxía
p) Suministrar / subministrar
q) Adxetivo / adxectivo

6.- Organiza nun cadro, empregando o menor número posíbel de semas, o campo semántico integrado polos seguintes elementos: *nube*, *néboa*, *neve*, *sarabia*, *chuvisca* e *chuvia*:

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Nube | | | | | |
| Néboa | | | | | |
| Neve | | | | | |
| Sarabia | | | | | |
| Chuvisca | | | | | |
| Chuvia | | | | | |

7.- Escribe dúas oracións con cada unha das palabras, aproveitando a súa polisemia ou homonimia e indica en cada caso de cal das dúas relacións se trata:

- RENDA:
- CADEA:
- PENA:
- PIAR:
- PÉ:
- SON:
- ONDA:

**Aspectos de Semántica.**

**Exercicios para enviar ao titor.**

1.- Relaciona cada palabra patrimonial co seu étimo e dá un cultismo de cada caso.

| | |
|---|---|
| a) Ollo .. 3 .. | 1. SOLITARIU(M) ........................................ |
| b) Abella ......... | 2. AURICULA(M) ........................................ |
| c) Ceibe ......... | 3. OCULU(M) ....**Ocular**.... |
| d) Solteiro ......... | 4. APICULA(M) ........................................ |
| e) Cabeza ......... | 5. CUNICULU(M) ........................................ |
| f) Ovella ......... | 6. CIVITATE(M) ........................................ |
| g) Frío ......... | 7. CAPITIA(M) ........................................ |
| h) Primeiro ......... | 8. OVICULA(M) ........................................ |
| i) Coello ......... | 9. FRIGIDU(M) ........................................ |
| l) Orella ......... | 10. PRIMARIU(M) ........................................ |
| m) Cidade ......... | 11. CELIBE(M) ........................................ |

2.- Completa as series de cohipónimos e dá o hiperónimo correspondente a cada unha delas:

a) Buxo, xesta, toxo... **silva, piorno, breixo... MATORRAL**
b) Té, macela, menta...
c) Gripe, rubéola, varicela...
d) Salmón, lamprea, troita...
e) Cabuxo, año, tenreiro....
f) Balea, cachalote, arroaz...
g) Liño, seda, algodón...
h) Tibia, cúbito, costela...

3.- Escribe un sinónimo e un termo contrario de cada palabra marcada en letra grosa:

a) **Acurtaron (reduciron / alongaron)** o período de vacacións co fin de **agrupar (xuntar / separar)** os días restantes en datas posteriores.

b) **Achegáronse** ................................ / ................................ ao conferenciante logo de que este recibira un merecido **aplauso** ................................ / ................................

c) O feito de que o rei **morrese** ................................ / ................................ fóra do país **desagradara** ................................ / ................................ moito á poboación.

d) O capitán **disentía** ................................ / ................................ da afirmación segundo a cal aquel voo **aterraba** ................................ / ................................ sempre con retardo.

e) El **coñece** ................................ / ................................ ben as causas de por que tiveron que **clausurar** ................................ / ................................ o congreso antes do previsto.



4.- Dá a familia léxica das seguintes palabras indicando que derivados son cultos e cales son patrimoniais:

LEITE Patrimoniais: **leitaría, leituga, leitoso, leiteiro, leitón...**
Cultas: **lácteo, láctico, lactación, lactante, lactosa...**

NOITE Patrimoniais: ................................................................
Cultas: ................................................................

PEITO Patrimoniais: ................................................................
Cultas: ................................................................

PLANO Patrimoniais: ................................................................
Cultas: ................................................................

VIÑO Patrimoniais: ................................................................
Cultas: ................................................................

5.- Distingue o significado das seguintes parellas de palabras parónimas:

INICUO / INOCUO
**Inicuo: Inxusto, que se caracteriza pola maldade.**
**Inocuo: Inofensivo, que non provoca prexuízos.**

ZOA / ZONA
................................................................
................................................................

BOLO / BIRLO
................................................................
................................................................

PARÁFRASE / PERÍFRASE
................................................................
................................................................

PERCORRER / RECORRER
................................................................
................................................................

INVESTIR / INVERTER
................................................................
................................................................

RAIAR / RELAR
................................................................
................................................................

## Aspectos de Semántica.

**Exercicios autoavaliables (1)**

1.- Indica cal é o significado denotativo das seguintes palabras e achega algún tipo de asociación connotativa de cada unha delas.

a) Solpor.
b) Animal.
c) Casa.
d) Illa.
e) Ouro.

2.- Define, sen axudarte do dicionario e seguindo as indicacións dadas no apartado (1.3) do tema, as seguintes palabras:

a) Cadea.
b) Aumentar.
c) Austral.
d) Alén.
e) Pantalla.
f) Comprar.

3.- Dá un cultismo que pertenza á familia léxica de cada unha das palabras:

a) Consoante.
b) Persoa.
c) Chaira.
d) Chave.
e) Enteiro.
f) Chover.
g) Xerar.
h) Rechamante.
i) Froita
l) Lume.

4.- Enche os ocos empregando grupos consonánticos cultos (CL, BL, GL, PL, FL) ou semicultos (CR, BR, GR, PR, FR).

a) Eses pantalóns .....aros non me gustan: o tecido é demasiado .....ando e ademais quédanme moi .....ouxos.
b) Entregáronme unha .....aca de .....ata con adornos de .....atino.
c) A .....ota pesqueira deberá permanecer amarrada mentres non se cum.....a o .....azo acordado.
d) Os armadores re...aman unha negociación directa co conselleiro que o.....igue a .....arificar a situación.



e) O .....asón daquela no.....e familia estaba constituído por dúas .....echas cruzadas por unha .....uma de papagaio.

5.- Dar un termo contrario de cada palabra, indicando se é complementario, antónimo ou recíproco.

a) Dereito.
b) Apagado.
c) Militar.
d) Hipertenso.
e) Propio.
f) Saber.
g) Bisneto.
h) Longo.
i) Individual.
l) Transparente.
m) Nora.
n) Denunciado.
o) Excesivo.

6.- Escribe un sinónimo e un termo contrario de cada palabra marcada con letra grosa.

a) Non estivo presente na **captura** dos **partidarios** do duque, pero foi informado a tempo.
b) Tivo o **atrevemento** de concluír o negocio cunha grande **présa**, sen apenas consultar con ninguén.
c) A **unión** das dúas empresas trouxo consigo un aumento da **fortaleza** dos valores na bolsa.
d) Era unha **pena** que os veciños non entenderan a inauguración do museo como un **logro** para a cidade.

7.- Distingue o significado das seguintes palabras parónimas.

a) Compite / compete.
b) Adición / adicción.
c) Diferenza / deferencia.
d) Intercesión / intersección.
e) Crítico / críptico.
f) Esfolar / esfollar.
g) Salobre / salubre.